

A MIMOSA



Nº-1 Agosto de 2004 Boletín veciñal Casdenodres- Galiza- O mundo

XA ESTAMOS AIQUÍ



Foto.- Imaxen do noso pobo. Casdenodres

Hola a todos

Se hoxe estades lendo estas líneas e que produciuse un milagro ,e cas ilusions duns tolos poideron mais ca falta de presuposto,a distancia e todos os problemas e complicacións.

A trancas e barrancas hemos feito realidade un sono.O noso de acortalas distancias que separanos e construír entre todos outro lazo —esta vez de papel- que nos una mais forte ainda a Casdenodres.

Oxalá cando ,lonxe daiquí recibamos os seguintes números da revista (porque prometemos reincidir) nos enchen as caras de sorrisos e pechando os ollos sintamonos de repente no medio do pobo.

Gracias a todos os que ,dunha u outra maneira, habéis feito posible este invento.

Gracias por no perder a ilusión,todos sabemos que non foi sinselo.

Gracias sobre todo a ti, José.

Gracias por querer tanto o teu pobo e a súa xente,

Gracias por apuntarte ata a un bombardeo se tiña que ver con Casdenodres.

Se isto é posible, e gracias a ti.

É por iso esta revista e tua,o mesmo cas camisetas e a asociación e todo o demais.

Porque ti liachenos a todos e xa nada vai ser igual sin ti.

O día sete fai un campionato de chistes co señor Pedro e, por favor,axúdanos a tirar do carro.

Ademais queremos mostrala nosa gratitude á familia polo seu apoio e facer extensiva esta dedicatoria.

VOCABLOS

1.- Lata	a.- cabeza do porco curada.
2.- Cachucha	b.- instrumento de madeira que serve para colgalo cocho.
3.- Artesa	c.- aperitivo que precede o traballo que consiste normalmente de licor café e galletas.
4.- Colgaxo	d.- coitelo para raspalos cochos.
5.- Parva	e.- chourizo feito de cebola e cabaza.
6.- Boches	f.- recipiente de madeira onde se vota a carne na desfeita.
7.- Chamberil	g.- bara de madeira onde se colgan os chourizos
8.- Raspón	h.- conva de chourizos atados uns ós outros
9.- Ceboleiro	i.- pulmois do porco

Nesta sección vos propoñemos a ver se sabeis o que quere dicir cada palabra e unila con cada definición, tamén esperamos colaboración da vosa parte con novas palabras e sus significados. Solución pag. final.

POEMAS

Din que "Os poetas teñen a cabeza chea de páxaros e que é por iso que cando falan soltan alas"

Nos vindeiros números da revista presentaréivos un desos "cabezas de chorlito", cunha breve biografía e algún dos seus poemas.

ii Volemos un pouco ¡! ;)

-Silvia-

GLORIA FUERTES

Poeta española nacida en Madrid en 1918 en el seno de un hogar humilde. La falta de recursos económicos impidió que pudiera recibir una educación esmerada, sin embargo a los veinte años publicó su primer libro de cuentos infantiles, iniciando desde entonces una fulgurante carrera literaria que la llevó a obtener en 1961 una beca Fulbright para enseñar literatura española en la Universidad de Pennsylvania.

Obtuvo algunos premios y accésit por sus cuentos y poemas. De su obra se destacan los libros «Poesía ignorada» 1950, «Aconsejo beber hilo» 1954, y «Poeta de guardia» 1980.

Falleció en noviembre de 1998.

CRISTALES DE TU AUSENCIA

Cristales de tu ausencia acribillan mi voz,
que se esparce en la noche

por el glacial desierto de mi alcoba,
-Yo quisiera ser ángel y soy loba-.
Yo quisiera ser luminosamente tuya
y soy oscuramente mía.

NACÍ PARA POETA O PARA MUERTO

Nací para poeta o para muerto
escogí lo difícil
-supervivo de todos los naufragios-,
y sigo con mis versos,
vivita y coleando.

Nací para puta o payaso,
escogí lo difícil
-hacer reír a los clientes desahuciados-,
y sigo con mis trucos,
sacando una paloma del refajo.
Nací para nada o soldado,
y escogí lo difícil
-no ser apenas nada en el tablado-,
y sigo entre fusiles y pistolas
sin mancharme las manos.

CONTOS E LENDAS

A PEDRA DO SEÑOR ISAAC

Ainda a día de hoxe non é de extrañar que nalgunha matanza gástese a broma de mandar algún rapaz a buscala pedra á casa do señor Isaac.

Esta tradición ven de fai moitos anos atrás, cando como a día de hoxe, usábase unha pedra xunto con auga quente para fregalos cochos e deixalos limpos.

Imos a relatalles como debeu de ser o conto segundo dín os vellos do lugar. Certo día de aquel ano, o señor Isaac estaba na súa matanza con toda a xente que lle axudaba a matalos cochos. No momento de ir a lavalos, este mandou a un raparigo que fora buscala pedra de lavalos cochos á casa do señor Francisco no cima do pobo.

Pero o señor Francisco, o moi pícaro, en vez de darlle unha pedra normal de lavalos cochos entregoulle un morrillo co que apenas podía o pobre rapaz.

Cando apareceu o rapaz con semellante pedra podense imaxinar as carcaxadas que provocou entre a numerosa concurrencia.

Esta peculiar broma trascendeu as nosas fronteiras ós pobos vecinos do concello que aínda hoxe tamén segen gastando esta broma.

Por iso non sexades toliños e se vos mandan a pola pedra á casa do señor Isaac non fagades caso ou seredes presa deste escarnio.

A LENDA DA LAGOA DA SERPE

Moi cerquiña do noso pobo na serra de Xares atopase unha lagoa, a da serpe e contase que todas as noites de San Xoán dende os tempos dos mouros sobre unha pulida rocha a beira da lagoa aparece unha fermosa princesa de cabelos cor acibeche pero o máis admirable é que o resto do ano a princesa convertese nunha enorme serpe.

Un ano un lanzal mozo da aldea de Xares decidiu que el era quen de desencantar o terrible monstro e así a noite de San Xoán rubiu ata a lagoa e alí sobre a rocha contemplou a moza entre o resplandor da lúa peiteando os seus cabelos...

Entón ela díxolle: se que es valente e arriscado pero terás que amosarme o teu valor e así cando saia o sol transformareime en serpe e atravesarei a lagoa e cando me achegue a ti coa boca aberta deberás cuspirme nela. Se o fas así o meficio que padezo romperase e serei túa para sempre. O mozo respondeulle: oe muller, eu son home probado e non temo a nada e se cheguei ata aquí é para que sexas sempre como agora e casar contigo. E a princesa contestoulle: ese será o premio para quen poda superar o medo de verme transformada en serpe e tamén serán súas as enormes riquezas que atesouro e o reino que me pertece.

Mais cando as primeiras raiolas do amencer tocaron o doce corpo da princesa esta de súpeto converteuse nunha enorme serpe que cos seus asubíos facía tremer o Teso e o achegarse a carón do mozo este fuxiu espavorecido esquecendo a súa promesa e así fica a princesa encantada na lagoa...

FOTOS DE ONTE E HOXE

As de onte



Aquí temos unha foto increíble do noso Carro e digo noso porque xa témolo como adoptado. É o que sacamos todos xuntos o día 7, que ser e do señor Manuel pero cedenoslo todos os anos, graciñas por iso tamén. **Foto.- O carro cheo de herba nun día deses calurosos do brao co señor Manuel dirixindo o traballo.**



Como imos cambiado diranse estes antigos mociños, algún que eu me sei que xa non ten un pelo de tonto e outros estanche casados e con fillos xa casi en idade casadeira como diciase antigamente. Donde virian estes rapaces con esas pintiñas. **Foto.- Fai anos xa di isto e aquí veise ven o camiño do pobo que aínda non estaba asfaltado, que tempos aqueles.**

Por suposto esta é unha sección na que creemos que tamen podíades colaborar, mandadenos fotos antigas e modernas que creades graciosas ou de interés para que as publiquemos na nosa revista, que é a vosa e desta maneira recordaremos todos xuntos épocas mellores e peores da nosas vidas e así pasaremolo ben todos xuntos recordándoas.

FOTOS DE ONTE E HOXE

As de hoxe



Aquí temos unha foto de fai poucos anos, e unha excursión que fixemos ás lagoas todos xuntos. Bueno os que quixeron subir, que hay unha tiradica e aínda por riba todo ladeiro. **Foto.- Lagoa do Celo.**



Nesta outra foto non nos negaredes que hay vos rapaces en Casdenodres, aquí baixabamos a tirar unhas bombas o sair a procesión o día da festa de fai dous anos. Como vedes xuntámonos dous ou tres e a veces incluso catro xeneracións para facelo, (hay que facerlle hueco os novos que fagan algo tamén). **Foto.- Festa do pobo ano 2002.**

O CONSULTORIO DO DOUTOR DOENTE : “A PREGUNTAS INUTIS, RESPOSTAS ABSURDAS”

¿DE QUÉ SE RIE PAPA NOEL?

A PAPA NOEL dalle a risa, é máis, papa noel é a risa.

Que sería dun papa noel sen o seu mítico Hou, Hou Houuu!!.

Sen embargo non sei se algún de vós se preguntou algunha vez de que se ríe.

¿Será de que mentras todo dios está cenando quentiño na súa casa, él ten que estar a centos de kilometros da súa familia?.¿será por que ten que andar cargao como un burro?, ¿será polo seu contrato basura a tempo parcial, no que soamente traballa un día ó ano, sen un sueldo fixo.

¿Será por que ten que andar a brincar polas chimeneas sen estar dado de alta na seguridade social, sen un subsidio por enfermidade e moito menos con dereito a baixa?. ¿Será por que ten que subsistir gracias ás limosnas da xente en forma de vasos de leite con galletas?... Non me estraña que logo teña eses problemas de obesidad co colesterol polas nubes.

E que me dicen dese traxe roxo que leva (seguramente roido polos ratos) pasado de moda desde antes que o home chegase á lúa.

Que pasa, que a papa noel non lle traen nada os reis magos, porque algo de roupa non lle viría mal.

Se é que o pobre home non da ganado nin pa cuchillas. Sempre con ese aspecto descuidado, coa barba dun ano pa outro. Por non falar de eses botines seus, se é que parecen as babuchas de aladino e os cuarenta ladrois. E menos mal que o trineo vai tirado polos seus renos porque non che digo nada se tuvese que pagala gasolina.

Entón ¿de que se ríe papa noel?



Ahh!! Xa vexo, do que se ríe papa noel e de que te rouban a puta cara e aínda por riba estaslle agradecido, por que soamente podes ser feliz se pagas.¿non o sabías?, canto máis cartos te gastes en regalos, máis feliz será a túa xente. O amor ten un precio e ese precio pono papa noel, e como é un roubo, os cartos que gana non os ten que declarar a hacienda

- Ruben-

LO QUE HEMOS CONSEGUIDO

Nesta sección queremos dar cabida ós logros, que creemos que noutro tempo a comisión de festas e agora con más ímpetu os membros da asociación recentemente creada.

Primeiramente, o que nos parece mas importante e bonito á vez, é haber podido rescatar unha tradición olvidada no tempo, como a de sacalo **carro** o día 7 polas casas ó son das nosas gaiteras e pedir ós veciños o que boamente poidan dar(cada ano máis xenerosos por certo)e posteriormente reunirmos na praza e cear todos xuntos as viandas. Todo iso coas camisetas que diseñamos con ilusión, xa por terceiro ano e que creemos vos gustan tanto como a nós.



Foto.-Día 7 baixada do carro ano 2002

É algo que nos enche de orgullo e que proclamamos ós catro ventos que todos xuntos, xóvenes, maiores, nenos, anciáns, homes, mulleres, en fin todos, estamos xuntos e compartimos alegría e diversión hasta ben entrada a madrugada.



Foto.-Día 7 reunidos xunto a hogueira ano 2001(primer ano)

Cada ano intentamos superarnos ó organizar a festa do día 6, resultanos cada ano máis difícil atopar unha orquesta que se axuste ó noso presuposto e creemos que cumplimos có cometido dun xeito decoroso.

Ademáis non nos negaredes, que cada ano tamén intentamos ofrecervos novas diversións e ledicias en forma de xogos e competicións como fai tres anos o feito de coller o xabarín e como este ano a espectacular carreira de carretillos e sen olvidarnos dos nenos coas carreiras de sacos.



Foto.- Baixada do Ruben e Bruno na carreira do ano pasado.

EDITORIAL

Nestos tempos que corren, non nos enganemos, de paces poucas e de guerras demasiadas... hay un pobo de Galiza de nome do que non podo lembrarme por onde non chegaron galletas negras pero onde os corazois negreaban de dor, que segue dando exemplo. De que?, preguntareis, pero a vista está. Ningún continente, nación, estado, país, comunidade, rexión, cidade ou pobo do mundo é capaz de que os seus veciños remen para o mesmo lado. Por a causa ou o motivo que sexa sempre hay algo en contra para non chegar o bon porto, pero nos sí.

Casdenodres sí !!!

A Mimosa xa está aquí !!!
Axudadenos coa asociación e colaborade todos.

Tu dende queiras atoparte, va por ti amigo, acordate de nos sempre. O teu Jai non te olvida.

Director.- Jairo Vega

BARRYANW

DISCOLAS

HOTEL RESTAURANTE AS CHAIRAS
TELEFONO: 988350168

IN MEMORIAM

Queremos ademais lamentala pérdida e mostralo noso pésame os familiares e amigos de Don José Barrio Lorenzo.

Recordadeos de a nosa dirección de correo para que mandeis as colaboracións: casdenodrescap@terra.es
Solución a los vocablos: 1-g, 2-a, 3-f, 4-h, 5-c, 6-i, 7-b, 8-d, 9-e. Non me digais que era difícil, a que non.